

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	FERROL
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa Uxía de Mandiá
<b>Dirección</b>	Bustelo, s/n. 15595
	43.531294 -8.240885
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>A igrexa de Santa Uxía de Mandiá é un dos máis grandes templos parroquiais situados no territorio rural do concello de Ferrol.</p> <p>Construída no século XIX, a súa estrutura arquitectónica é de planta rectangular, con dous corpos pequenos acaroados nos muros meridional e setentrional. Os muros son de carga (realizados en cachotería con elementos reutilizados da antiga igrexa) e sobre eles apoia una cuberta a dúas e catro augas, cunha cubrición de pranchas de fibrocemento. Cara ao exterior, o eficio transmite un rico xogo compositivo proveniente da distinción volumétrica de cada un dos seus corpos. A fachada principal reúne a maior parte dos elementos ornamentais, desenvolvéndose en composicións xeométricas e xogos de simetría que avanza dende un barroco clasicista cara ao eclecticismo.</p> <p>Interiormente destaca a amplitude do templo, no que xoga un importante papel a altura deste, por ser algo inusual nesta área xeográfica. A estrutura aérea da nave é plana, do mesmo xeito que a do presbiterio. O seu espacio interior desenvólvese nunha soa nave, dúas pequenas capelas laterais, presbiterio e, tras deste, una sancristía, á que tamén pode accederse dende o exterior.</p> <p>A última intervención que se fixo no inmovible foi propiciada por don Andrés Fernández Muíños, cura párroco do templo, entre os anos 1971 e 1972.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	14-12-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">BLANCO, SERAFIN</a>	1856	45	53

Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">MENÉNDEZ, FRANCISCO, NARÓN (GALICIA)</a>	1893	60	125
----------	------------------------	----------------------------------------------------------	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de Santa Uxía de Mandiá - FERROL \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)